Nadine Gordimer (5 de decembro, premio nóbel de literatura) e Shirin Ebadi (10 de decembro, premio nóbel da paz). Dúas mulleres comprometidas coa loita polos dereitos dos colectivos oprimidos.

- Investigade as razóns polas que foron merecedoras deste galardón.

- En www.nobelprize.org atoparedes os nomes de todas as mulleres que recibiron o nóbel nas súas diversas categorías.

Sabiades que dos 758 premios concedidos ao longo da historia só 33 foron para mulleres? Por que é coiddades que é así?

Gioconda Belli (9 de decembro) unha das mellores representantes da poesía revolucionaria nicaraguana, comprometida co feminismo e cos movementos antiglobalización.

- Buscade na súa páxina web (www.Giocondabelli.com) os títulos das súas novelas e os seus libros de poesía.

- Alí atoparedes o seu artigo: «La mujer: La búsqueda de un futuro más equitativo», no que aposta pola corresponsabilidade e a ética dos coidados. Lédeo e comentade en clase estes dous conceptos.

Lida Falcón (13 de decembro) ten unha vida desbordante e chea de sorpresas.

- Ademais de escritora e fundadora do partido feminista, ten varias licenciaturas, algunhas delas reservadas durante séculos aos homes. Pescudade cales son.

- É autora de trinta e seis libros. Poderías dicirnos algúns títulos?

- Investigade o motivo polo que foi prendida durante a ditadura franquista.

- Consideras que é necesario un «partido feminista»?

- De que maneira pode contribuír á eliminación da discriminación das mulleres?

Neste mes atopamos mulleres: cineastas, escritoras, pintoras, escultoras, guerrilleiras, filósofas, científicas, cantantes, deportistas, actrices...

- Facede un cadro cos seus nomes, profesión, país, data de nacemento e época histórica na que viviron.

- Escollede dúas, unha da nosa época e outra de séculos anteriores. Procurade máis datos sobre as súas vidas e comparade: que dificultades atoparon para exercer a súa profesión? Que obstáculos seguimos atopando as mulleres hoxe en día para compaxinar o noso traballo coa nosa vida persoal?

# D E C E M B R O











# D E C E M B R O

| L | M | Me | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | **1** 1563 O Concilio de Trento decreta que as mulleres "teñen alma" | **2** 1952 Nace Ganh Xiec Rong. Premio ao mellor filme de Vietnan en 1990 |
| **3** 2003 Premio "Toda unha Vida" á realizadora e directora de cinema Josefina Molina | **4** 2003 Morre Dulce Chacón, novelista, defensora dos dereitos da muller e da paz | **5** 1991 Nadine Gordimer. Nobel de literatura. Denuncia o rexime racista de Sudáfrica | **6** 1856 Nace Louise Catherine Breslam, pintora suiza | **7** 1932 Método de Lectura, de Xosefa I.Vilarelle, 1º texto didáctico publicado por unha muller | **8** 1864 Nace a escultora francesa Camille Claudel | **9** 1948 Nace Gioconda Belli, escritora nicaraguana. Escribe "A muller habitada" |
| **10** 2003 Shirin Ebadi. Premio Nobel da Paz. Loita polos DDHH das mulleres no Irán | **11** 1920 Nace en Córdoba Manuela Díaz Cabezas, guerrilleira durante a guerra e a posguerra | **12** 1992 O Tribunal Constitucional falla contra HUNOSA por discriminación sexual | **13** 1935 Nace Lidia Falcón. Escritora, ensaísta, e fundadora do Partido Feminista | **14** 1898 Nace Olimpia Valencia, 1ª galega médica e fundadora da Academia Médico-Cirúrxica | **15** 1673 Pasamento de Margaret Cavendish, filósofa e física | **16** 1952 Sofía Casanova, convértese en Académica de Honra da Real Academia Galega |
| **17** 1706 Nace Mme. du Châtelet. Traduciu os "Principia" de Newton ao francés. | **18** 1979 "Convención sobre eliminación da discriminación contra a muller" ONU | **19** 1915 Nace Edith Piaf, cantante francesa apodada "O pardal de París" | **20** 1959 As Nac. Unidas suscriben a Convención sobre os Drtos. Políticos da Muller | **21** 1959 Nace Florence Griffith J. Atleta. 4 medallas olímpicas nos Xogos de Seúl | **22** 1962 Nace Gema Ramos, escritora, fotógrafa e realizadora de curtametraxes | **23** Pepa "a Loba" Nace na Estrada no S.XIX. Víctima da "Xustiza" da época convértese en bandoleira. |
| **24** 1796 Nace Cecilia Böhl de Faber. Adoptou pseudónimo masculino para publicar a súa obra | **25** 1873 Nace Rosario Vera Peñaloza, educadora | **26** "A palabra é como auga, ali onde a realidade é como pedra" María Zambrano | **27** 1901 Nace Marlene Dietrich, actriz alemá de cinema | **28** 1874 Nace Mª Lejárraga, feminista e escritora. A súa obra asinouna o seu marido | **29** 2005 Publícase no BOE a Lei Orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. | **30** 1948 Nace Adrian Donna Gaines, máis coñecida como Donna Summer |
| **31** Ás mulleres invisibilizadas, que contribuiron á dignidade da vida humana | | | | | | |

MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES — INSTITUTO DE LA MUJER

STEs-INTERSINDICAL Organización de Mujeres

STEG